

As linguas sempre suman, nunca restan. Todo coñecemento é a base da liberdade, do desenvolvemento, da promoción persoal. Unha lingua é un fin en si mesmo, xamais moeda de cambio, non arma, non medio.

Falo galego porque non quero pan para hoxe e fame para mañá. Fáloo porque a miña liberdade persoal non está en venda. Fáloo porque así enriquezo o mundo, amplío os marcos e fuxo do pensamento único. Porque amo a diversidade e a tolerancia, porque adoro a diferenza, a convivencia e o intercambio, os modelos de igualdade a todos os niveis (no social, entre os xéneros, e no lingüístico tamén). Porque hai algo máis alá dos criterios utilitaristas, do que se mide só en cifras, do pragmatismo do poder.

Cando falo galego falo ben alto e ben claro, coa cabeza alta. Cando falo na miña lingua non me sinto minorizada, nin tampouco subsidiaria de nada. Síntome falar nunha lingua de primeira orde, nin mellor nin peor que calquera outra. Síntome moderna, síntome ás veces chistosa, síntome superseria, síntome esixente, síntome doce ás veces, outras técnica, outras filosófica, case elevada, ou tamén doméstica. Síntome tenra en ocasións e noutras case científica. Cando falo galego síntome sexi, elegante, antiprovinciana. Falo galego porque quero ser eu.

Yolanda Castaño
Escritora

DO GALEGO